

Loita contra a pobreza



UN PROYECTO DE:



NOVACT

CON LA FINANCIACIÓN DE:



MINISTERIO
DE ASUNTOS EXTERIORES, UNIÓN EUROPEA
Y COOPERACIÓN



Loita contra a pobreza

I. Introducción

Este manual forma parte do proxecto «SI Á PAZ. Mocidade pola paz sostible e a cidadanía global», financiado pola Agencia Española de Cooperación Internacional para el Desarrollo («Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento», AECID) e executado de forma conxunta polo Movemento por la Paz, el Desarme y la Libertad (Movemento pola Paz, o Desarmamento e a Liberdade, MPDL) e o Instituto NOVACT de Noviolencia (Instituto NOVACT de Non-violencia).

Intégrase nun conxunto de cinco guías que se deseñaron para dar algunhas respostas e suscitar novas dúbidas a profesionais da educación que se preguntan que lle preocupa ou interesa á mocidade en relación coas ameazas actuais para a paz, a súa comprensión dos distintos elementos que a compoñen, como se mobilizan, ou de que forma, desde a educación, se poden fomentar na mocidade os valores, actitudes, coñecementos e habilidades dunha cidadanía capaz de pensar de maneira global e motivada para actuar localmente como protagonista e transmisora da Cultura da Paz (CP).

Esta colección de manuais, que elaborou a Fundación Cultura de Paz coa achega e supervisión do MPDL e NOVACT, aborda distintos eixes que constitúen a Cultura de Paz e que son fundamentais para a resolución non violenta de conflitos: igualdade de xénero, convivencia intercultural, erradicación da pobreza, desenvolvemento sostible e xustiza medioambiental, ou a defensa dos dereitos humanos nun sentido amplo. Os temas nos que se centran xorden das necesidades educativas, intereses e preocupacións da mocidade de entre 11 e 25 anos (coa participación minoritaria de persoas de ata 39 anos), vinculadas a espazos de educación formal, informal e non formal en cinco territorios de España (Cantabria, Cataluña, Comunidade Valenciana, Comunidade de Madrid e Estremadura), que se detectan nun proceso de diagnóstico previo. Os resultados recompiláronse nun informe que realizou a Fundación Cultura de Paz e están dispoñibles na seguinte ligazón: https://www.mpdl.org/sialapaz/06_Informe%20de%20diagn%C3%B3stico%20final.pdf.

En canto á súa estrutura, este manual organízase en varios apartados que van do xeral ao particular. Tras describir o eixe sobre o que se constrúe e no que se centrará a Cultura de Paz, preséntanse as realidades e os retos que se identificaron no diagnóstico que se mencionou respecto á loita contra a pobreza. A continuación, expóñense experiencias de boas prácticas dedicadas a fomentar a implicación da mocidade en procesos de construción da paz, que se desenvolveron en diferentes delegacións internacionais do MPDL e NOVACT. Algunhas delas detállanse como dinámicas grupais co fin de inspirar e aportar recursos metodolóxicos concretos. Posteriormente, inclúense recomendacións pedagóxicas e estratexias xerais que poden facilitar o labor

educativo neste tema en diversos contextos. Finalmente, ofrécese un glosario de termos clave que apoia a comprensión e o uso do manual.

En definitiva, este manual non é só un marco de referencia, senón tamén unha ferramenta práctica e sinxela para axudar ás persoas que educan na construción de alternativas sostibles e xustas. Queremos que sexa un recurso vivo que inspire procesos colectivos de aprendizaxe, acción e esperanza, xa que outros futuros son posibles.

II. Descrición da temática

A loita contra a pobreza é unha condición indispensable para construír unha cultura de paz sostible. Non se trata só de garantir o acceso a necesidades básicas como a alimentación, a vivenda e a sanidade, senón de transformar as estruturas económicas, políticas e sociais que perpetúan as desigualdades e as exclusións. **A pobreza non é só unha falta de recursos materiais, senón unha situación multidimensional de privación crónica de dereitos, capacidades, oportunidades e poder, que limita a posibilidade de levar unha vida digna.**

A desigualdade económica é unha das principais expresións desta inxustiza. **A distribución desequilibrada da riqueza global crea unha fenda cada vez maior entre as persoas que teñen acceso a oportunidades e as que quedan sistematicamente á marxe.** Neste escenario, a pobreza convértese nunha barreira estrutural que impide a participación plena de millóns de persoas na vida social, económica e política das súas comunidades, reproducindo ciclos de exclusión e precariedade.

Para erradicar a pobreza, débese apostar pola xustiza social como principio reitor, garantindo a igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas, independentemente da súa orixe, xénero, clase social ou crenzas. Isto implica tratar as causas estruturais da exclusión e redistribuír os recursos e o poder de forma equitativa.

A xustiza fiscal é clave neste proceso: un sistema tributario progresivo, xusto e suficiente permite financiar políticas públicas que garantan o acceso universal aos dereitos sociais, como a educación, a saúde e a protección social.

Ademais, **para combater a pobreza débense recoñecer e transformar as situacións de precariedade laboral**, onde os ingresos que se obteñen non cobren as necesidades básicas, así como abordar o risco de exclusión social de forma integral. Indicadores como o AROPE reflicten que millóns de persoas viven en fogares con ingresos moi baixos, en condicións materiais e sociais graves ou con acceso limitado ao emprego digno.

A loita contra a pobreza **implica apoiar liderados comunitarios e construír alternativas socioeconómicas que garantan a equidade e o benestar común**. Só así se poderán crear as condicións necesarias para unha paz duradeira, onde todas as persoas poidan exercer plenamente os seus dereitos e vivir con autonomía, respecto e esperanza.

III. Realidades e retos no traballo coa mocidade nesta temática segundo o noso diagnóstico

Antes de presentar con detalle as experiencias educativas que esperamos que resulten inspiradoras para o noso labor como educadoras e educadores xuvenís, compartimos algunhas das conclusións destacadas que identificamos no diagnóstico mencionado.

Ao preguntarnos sobre as comprensións, intereses e preocupacións en relación coa loita contra a pobreza das persoas participantes, identificamos que **a gran maioría das persoas participantes (71,6 %), afortunadamente, non cae no falso mito da meritocracia** e non está de acordo coa idea de que unha persoa é pobre porque non se esforza o suficiente.

Ademais, **entenden que a loita contra a pobreza está vinculada aos dereitos humanos, como o acceso á educación (83 %), a empregos dignos con salarios xustos (75,25 %) e a políticas que reduzan a desigualdade social (70,7 %).**

Con todo, chama a atención que **pouco menos do 20 % menciona a importancia de cobrar máis impostos aos que máis teñen para redistribuír a riqueza** e combater a desigualdade social. Na sociedade, non só nos sectores máis retrógrados nin só nos máis favorecidos está moi estendida a crenza de que os impostos son un roubo. Se queremos sensibilizar sobre a xustiza social, é imprescindible combater este discurso.

Polo tanto, os retos neste eixe son:

- 1.- **Escoitar ás persoas participantes para deseñar con elas accións a partir dos seus intereses e necesidades.** Recoller as súas inquietudes, ata os seus prexuízos e temores, para repensalos en común e fomentar un sentido de cidadanía e combater a exclusión social como unha condena irremediable.
- 2.- **Reforzar o marco existente nas persoas participantes sobre a pobreza como negación de dereitos básicos.** Traballar con este marco compartido para asentar novas ideas e debates sobre estas bases comúns.
- 3.- **Fomentar que se deixen de demonizar os impostos** e sensibilizar acerca da importancia da xustiza fiscal para contar cuns servizos públicos ben financiados, políticas sociais robustas e medidas de redistribución social. Entender que a demonización dos impostos responde a un clima social que vai máis alá da actualidade,

que igual tamén detectamos na familia e que responde a un discurso imperante e interesado das clases privilexiadas.

4.- **Dar a coñecer líderes de opinión que rexeiten o discurso imperante de que calquera pagaría menos impostos se puidese, ou que Facenda nos rouba.** Non todos os influenciadores se mudaron a Andorra e moitos lanzaron mensaxes a favor de pagar impostos.

5.- **Reflexionar sobre a realidade da pobreza nos contextos onde se aplicaron as boas prácticas, para fomentar un pensamento profundo sobre esta realidade,** a responsabilidade conxunta do norte e os efectos dun capitalismo colonialista e depredador.

IV. Boas prácticas

Presentamos a continuación unha serie de experiencias dedicadas a fomentar a participación da mocidade en procesos de construción da paz, que están centradas na loita contra a pobreza, que equipos dalgunhas das delegacións internacionais do MPDL e NOVACT destacan, e esperan que resulten inspiradoras para as persoas que teñamos este manual nas nosas mans.

Níxer

Foros de prevención e xestión pacífica de conflitos

Temática(s) da CP que traballa		Igualdade de xénero e prevención das violencias
		Coidado do medio ambiente
		Defensa dos dereitos humanos
		Interculturalidade
	x	Loita contra a pobreza
	x	Non-violencia/resolución pacífica de conflitos/outros contidos específicos
Outras temáticas, que inclúe	Distribución igualitaria dos recursos, boas relacións entre veciños, loita contra a corrupción, xestión racional dos recursos naturais entre agricultores e gandeiros, seguridade na posesión de terras, prevención da violencia de xénero, prevención da radicalización xuvenil.	

Obxectivo(s):	Fomentar a unidade na sociedade ou na comunidade. Distribuír os recursos de forma igualitaria. Promover os intercambios interxeracionais mediante a participación de mozos e mulleres representados polos seus líderes. Suscitar diálogos entre todos os actores claves comunitarios e institucionais acerca dos diferentes tipos de conflitos e violencias identificadas nas comunidades, para previlas e xestionalas pacificamente. Promover mecanismos endóxeos para a prevención e xestión pacífica de conflitos. O foro tamén permite que o conxunto dos grupos sociais e institucionais que representan á comunidade avalíen os graos de cumprimento dos compromisos establecidos e acordados para previr e xestionar de forma pacífica os conflitos.
Poboación obxectivo ou especificamente vinculada (por exemplo, mozos mobilizados, non mobilizados, migrados S/N, en situación de vulnerabilidade social S/N, etc.).	- Mulleres, mozos, homes, persoas con discapacidade, persoas ricas e empobrecidas destas comunidades. - Os representantes das institucións: autoridades locais e departamentais, o representante da Alta Autoridad para la Consolidación de la Paz («Alta Autoridade para a Consolidación da Paz»), o representante da Comisión Departamental de Tierras («Comisión Departamental de Terras», COFODEP) e representantes dos servizos técnicos desconcentrados pertinentes. - As autoridades tradicionais e relixiosas: imáns, xefes de aldeas, xefes de cantóns e xefes de agrupacións. - Representantes de comités de desenvolvemento rural (CVD). - Líderes de asociacións de mulleres e mozos. - Representantes de organizacións de gandeiros e agricultores.
Localización ou zona de intervención (lugar xeográfico e educación formal/non formal/informal).	Níxer, departamentos de Konni e Malbaza.
Algún dato clave que nos permita coñecer mellor o estado no que se atopa no teu contexto a temática ou o eixe da Cultura	As zonas nas que se leva a cabo esta acción son departamentos (Konni e Malbaza) con vocación agropastoril, atravesados por uns quince pasos internacionais de transhumancia. Este contexto fai que estes dous departamentos sempre se expoñan á ameaza de conflitos recorrentes e ás veces mortais entre

de Paz na que se centra esta experiencia?	gandeiros transhumantes e agricultores. E isto a pesar dos dispositivos implementados polo Estado de Níxer mediante a ordenanza 93-015 do 2 de marzo de 1993, que establece os Principios de Orientación do Código Rural (POCR) para garantir unha mellor xestión das terras e dos recursos naturais. A desocupación da mocidade e, ás veces, a súa falta de implicación nos asuntos comunitarios contribúen á súa radicalización e á súa implicación en grupos terroristas, bandas ou grupos criminais. Os conflitos e as violencias de xénero son frecuentes e adóitanse vincular ao descoñecemento dos dereitos das persoas, sobre todo das mulleres, e ás veces se fomentan polos usos e costumes dalgunhas comunidades.
Duración do itinerario de intervención que se propón aquí	4 anos. MPDL Níxer acompaña cada ano estes foros desde 2022.
Estratexia de intervención e/ou metodoloxía(s)	Impleméntanse comités mixtos (homes e mulleres) para a xestión pacífica dos conflitos, realízanse formacións e sesións de sensibilización (a nivel comunitario, por radio, etc.) sobre a distribución xusta dos recursos e a prevención e xestión pacífica dos conflitos. Logo, realízanse os foros interculturais e interxeracionais, que permiten a participación de líderes de organizacións de mozos e mulleres, de xefes tradicionais e relixiosos de varias comunidades, en presenza de institucións. Trátase de acompañar aos mecanismos endóxenos de prevención e a xestión pacífica de conflitos, que tamén se basean no «respecto á palabra dada» ante os líderes tradicionais, sobre todo os xefes de cantón e os líderes de agrupacións. Unha folla de ruta detalla os compromisos que acordan todas as partes participantes e serve como ferramenta para o seguimento do respecto e a implementación destes compromisos.
Materiais necesarios	● Medios financeiros ● Medios materiais ● Medios de desprazamento ● Medios de comunicación
Desenvolvemento da actividade	● Fase preparatoria: Elabórase a información do proceso que se debe presentar ás institucións

	mediante termos de referencia e cartas de invitación. Prepárase a información das autoridades locais e tradicionais, de representantes da comunidade, da mocidade e das mulleres, sobre a data na que se celebrará o foro. Organízanse sobre todo diálogos comunitarios nas aldeas apoiadas, para o seguimento da implementación dos compromisos que se estableceron no anterior foro e para preparar os asuntos que se van debater no seguinte foro. Tamén se identifica o moderador que animará o foro, que se adoita designar a nivel da comisión departamental de terras (COFODEP) ou no nivel da Alta Autoridad para la Consolidación de la Paz («Alta Autoridade para a Consolidación da Paz», HACP). ● Fase de execución: Baixo a dinamización dun moderador: - Os xefes tradicionais, sobre todo os xefes de cantóns e agrupacións, toman a palabra no foro para sensibilizar ás persoas que administran sobre o reforzo da cohesión social, destacando o respecto dos pasos de transhumancia e as áreas de pastoreo, e sobre o seu rol conciliador en caso de conflitos. - Lémbranse tamén os principios do código rural, que define os procedementos que se deben seguir para garantir a seguridade das terras. - Despois organízanse os traballos de grupos ou o plenario sobre as propostas de acción concretas que se deben tomar para garantir unha paz duradeira. É nesta fase de traballo en grupo ou no plenario cando que se realiza o seguimento dos compromisos da folla de ruta para medir os progresos realizados e definir novas recomendacións ou compromisos (por exemplo, respectar as novas datas de apertura e peche dos campos de cultivo para o pastoreo dos animais transhumantes) que se deben ter en conta. ● Fase de seguimento/avaliación: A restitución dos compromisos que resulten do foro realízase a nivel comunitario nos espazos de diálogo comunitarios dinamizados polos comités de desenvolvemento rural (CVD), nos «fada» por representantes da mocidade e mediante reunións de cooperativas polas representantes das mulleres. O seguimento do cumprimento e a aplicación dos compromisos
--	---

	que se acordaron durante os diálogos comunitarios, que se adoitan celebrar cando se achega a data do seguinte foro. En ocasións, os COFODEP supervisan os diálogos comunitarios.	
Análise de riscos (R), dificultades (D) e logros (L). Se existen dificultades relevantes, indicar os mecanismos para superalas.	R	Hai moita rivalidade e desconfianza entre os grupos. Outro risco é a inseguridade vinculada ao contexto actual en Níxer e no Sahel.
	D	O cambio climático, a inseguridade e a pobreza dificultan o desenvolvemento correcto do proxecto. A miúdo, as institucións e autoridades tradicionais non poden participar nunha data escollida, de forma que ás veces estes axentes, que teñen un peso significativo á hora de definir os compromisos, poden non estar presentes e estar representados por terceiros. Isto dificulta acadar compromisos relevantes e poder implementalos.
	L	Avanzouse na loita contra o cambio climático, a inseguridade e a pobreza. Tamén se acadaron logros importantes na loita contra as violencias inter e intracomunitarias (loita contra a inseguridade).
Que cambios ou transformacións fomenta ou xerou esta experiencia?	Avanzouse na restauración de terras, da fauna e da flora mediante a loita contra o cambio climático, como resultado do esforzo comunitario e da mellora da convivencia. Reforzouse a cohesión social entre as comunidades, entre a mocidade e os adultos. Tamén se avanzou na creación de emprego, no aumento dos ingresos e nun maior nivel de vida mediante a loita contra a pobreza.	
Leccións aprendidas, recomendacións para o futuro e adaptación ao traballo coa mocidade.	Dentro deste contexto, considérase que algunhas das prioridades nas que se deben centrar para desenvolve-las e melloralas son a educación, a sanidade e a seguridade alimentaria para a mocidade. Tamén é importante crear emprego para os mozos (rapazas e rapaces). Para lograr unha sensibilización moito máis ampla, débense difundir os compromisos que se acordan mediante as radios comunitarias.	

Mali

Sensibilizar sobre os dereitos humanos, en particular os das mulleres e as nenas

Temática(s) da CP que traballa	X	Igualdade de xénero e prevención das violencias
	X	Coidado do medio ambiente
	X	Defensa dos dereitos humanos
	X	Interculturalidade
	X	Loita contra a pobreza
	X	Non-violencia/resolución pacífica de conflitos/outros contidos específicos
Outras temáticas, que inclúe	A distribución igualitaria dos recursos, as boas relacións entre veciños, a loita contra a corrupción.	
Obxectivo(s):	1. Crear comunidades pacíficas baseadas no respecto, a igualdade e a cooperación. 2. Reducir a violencia e a inxustiza, desde unha perspectiva de xénero con énfase nas violencias que se exercen contra as mulleres e as nenas. 3. Crear unha comunidade que coloque ás persoas e ao medio ambiente no centro, atendendo ás conexións que se establecen tanto dentro de cada unha como entre elas, entendendo a súa interdependencia e a necesidade de basear a súa vida e desenvolvemento na solidariedade, o coidado e a paz sostible no seu sentido máis amplo.	
Poboación obxectivo ou especificamente vinculada (por exemplo, mozos mobilizados, non mobilizados, migrados S/N, en situación de vulnerabilidade social S/N, etc.).	Homes, mulleres, mocidade, persoas con discapacidade, ricos, pobres, persoas con poder (autoridade na toma de decisións), homes insensibles aos dereitos das mulleres e das nenas, sobre todo no ámbito rural.	
Localización ou zona de intervención (lugar xeográfico e educación formal/non formal/informal).	A acción sitúase en comunidades rurais de Mali (un país do Sahel de África Occidental) cunha poboación de preto de 22 395 489 habitantes (Rap RGPH5 2022), unha gran superficie de 1 241 328 km ² e unha longa fronteira (7240 km) moi pouco controlada que comparten con sete países	

	veciños. Mali é un país con varias etnias e culturas, e cunha poboación maioritariamente analfabeta, sobre todo no rural (33,7 % de taxa de alfabetización das persoas a partir de 15 anos, segundo o RGPH5). Débese engadir que é un país que leva máis de 10 anos nunha crise multidimensional (conflito armado, terrorismo, etc.). É un país onde a paisaxe leva moito tempo dominada polo incremento da delincuencia urbana e periurbana, conflitos comunitarios múltiples desde hai moitos anos, inseguridade en aumento e rebelións frecuentes no norte, golpes de Estado militares, crises escolares e reivindicacións corporativistas que aumentan a inseguridade.
Algún dato clave que nos permita coñecer mellor o estado no que se atopa no teu contexto a temática ou o eixe da Cultura de Paz na que se centra esta experiencia?	Esta práctica nace da necesidade de fomentar a igualdade entre os sexos, xa que neste contexto atopamos que as violencias de xénero e as violencias sexuais son o tipo máis frecuente de violencia, sobre todo despois do inicio dunha crise de seguridade no país. Esta inestabilidade e inseguridade provocou un aumento dos casos de violacións, embarazos non desexados, explotación sexual e matrimonios precoces nos lugares con numerosas persoas desprazadas internas (creados para as poboacións que fuxían dos yihadistas con prazas de aloxamento moi limitadas) ou nas zonas controladas polos yihadistas, onde a poboación sofre ataques e opresión. Con esta práctica, trabállase a promoción da unidade dentro da sociedade e da comunidade, así como a convivencia pacífica, malia ser un traballo moi duro e con visión a longo prazo debido ao carácter estrutural dos problemas que pretende afrontar e ao contexto actual do país. Este traballo tamén conta coa dificultade da falta dunha distribución xusta e equitativa dos recursos e polo feito de que dereitos como a educación ou a saúde non están garantidos nin resultan accesibles para toda a súa poboación.
Duración do itinerario de intervención que se propón aquí	4 anos
Estratexia de intervención e/ou metodoloxía(s)	Impleméntanse comités mixtos (homes e mulleres) para a xestión pacífica dos conflitos. Realízanse formacións ou foros de formación para educar para a paz, outorgar ás persoas as competencias e valores que favorezan a resolución pacífica dos conflitos e a prevención da violencia. Lévanse a cabo sesións de sensibilización a nivel

	comunitario, a través dos medios (radio), para sensibilizar, establecer canles de comunicación coa cidadanía e abrir os debates sociais que impulsan o pensamento crítico e o compromiso social. Desenvólvese e foméntase o «Sinankunya», unha herdanza de valor inestimable en Mali, que se traduce como «parentesco xocoso», que é, de feito, un pacto de alianza e non agresión herdado no lugar do parentesco, que se asocia a un xogo de burlas mutuas no que cada persoa se reencontra na outra. Os seus fundamentos son diversos e de carácter sagrado e inviolable. Preséntase como unha forma de obriga moral entre os apelidos, as comunidades, as aldeas e os demais tipos de relacións. O Sinankunya é, innegablemente, un medio de mediación social formidable en Mali, que participa nos mecanismos tradicionais e vivos de resolución de conflitos a todos os niveis.	
Materiais necesarios	- Medios financeiros - Medios materiais - Medios de comunicación - Medios de transporte	
Desenvolvemento da actividade	- Fase preparatoria - Fase de execución: Lévanse a cabo sensibilizacións, a formación de persoas e grupos de apoio comunitario, así como o seu equipamento, formacións e reforzo de capacidades, establecemento de canles sociais e apertura de debates sociais críticos. - Fase de seguimento e avaliación	
Análise de riscos (R), dificultades (D) e logros (L). Se existen dificultades relevantes, indicar os mecanismos para superalas.	R	O cambio climático, a inseguridade e a pobreza son factores do contexto que supoñen un risco para o desenvolvemento da iniciativa.
	D	A rivalidade, a desconfianza entre grupos, o crecemento e a presión demográfica, a inestabilidade política e institucional, o favoritismo, a inxustiza social, os abusos e a invalidez crecente do sistema de goberno tradicional caracterizan e dificultan a execución desta iniciativa.
	L	A loita contra o cambio climático, a inseguridade e a pobreza. Tamén se puideron realizar sensibilizacións sobre os dereitos humanos, en

		concreto os das mulleres e as nenas.
Que cambios ou transformacións fomenta ou xerou esta experiencia?	Melloráronse as relacións de comunicación entre o home e a muller, que comparten mellor as cargas e as cuestións e desafíos relacionados coa súa vida en común. Aumentou a sensibilidade dos homes cara aos problemas das mulleres (cambio de status/posición da muller desde a perspectiva dos homes). Reforzouse a participación da muller no desenvolvemento da súa comunidade, así como a concienciación dos homes acerca dos cambios de roles das mulleres na sociedade. Avanzouse na restauración de terras, da fauna e da flora mediante a loita contra o cambio climático. Fortalecéronse a liberdade, o desenvolvemento e a vida en paz a través da loita contra a inseguridade. Creáronse empregos e aumentaron os ingresos e o nivel de vida mediante a loita contra a pobreza.	
Leccións aprendidas, recomendacións para o futuro e adaptación ao traballo coa mocidade.	Dentro deste contexto, considérase que algunhas das prioridades nas que se deben centrar para desenvolves e melloralas son a educación, a sanidade e a seguridade alimentaria para a mocidade. Tamén se considera importante priorizar a creación de empregos para a mocidade (rapazas e rapaces). O cambio de comportamentos é un traballo a longo prazo, pero na actualidade podemos dicir que vemos avances no grao de sensibilización da poboación, polo que cremos que a través dela é posible reducir as desigualdades, as inxustizas e as violacións dos dereitos da muller dentro das súas sociedades.	

Recomendacións para adaptar as boas prácticas ao contexto

Foros de prevención e xestión pacífica de conflitos de Níxer

A organización de foros comunitarios pode converterse nunha ferramenta eficaz para a resolución pacífica de conflitos nos barrios españois onde conviven distintas culturas e xeracións, ademais de para combater a pobreza. Estes espazos deben fomentar o diálogo aberto entre a mocidade, as familias, as asociacións e os representantes institucionais, para así construír solucións colectivas ante as tensións locais, como a discriminación, a falta de oportunidades ou a inseguridade. Adaptar a metodoloxía ao contexto español implica promover a participación xuvenil activa, garantindo que non

se escoiten como observadores, senón tamén como protagonistas na toma de decisións. A loita contra a pobreza e a exclusión conséguese promovendo un sentido de capacidade e axencia, fomentando un sentimento de pertenza a unha comunidade que sostén e se constrúe entre todos e xerando un pensamento sobre novas formas de xerar ingresos, fomentar o emprego xuvenil e utilizar os recursos de forma sostible.

Sensibilizar sobre os dereitos humanos, en particular os das mulleres e as nenas de Mali

A sensibilización sobre os dereitos humanos, e en concreto sobre a igualdade de xénero, pode adoptar a forma de obradoiros participativos que combinen información clara con dinámicas creativas, como debates, dramatizacións ou producións audiovisuais. No contexto español, é básico visibilizar as formas actuais de violencia contra as mulleres e as nenas, desde o acoso nas redes sociais ata a fenda no acceso ás oportunidades, traballando sempre desde un enfoque interseccional que inclúa unha diversidade de orixes, identidades e experiencias.

Outras posibles prácticas

Ademais destas recomendacións, o equipo de educadores e educadoras do MPDL e NOVACT que nos vinculamos a este proxecto ofrecemos a continuación unha serie de guións de obradoiros que consideramos que poden inspirar o traballo educativo que aquí propoñemos:

ACTIVIDADE: Palabras de valor	
Obxectivo	1. Aprendizaxe económica e fiscal para a mocidade, que axude a unha alfabetización básica neste campo e educación financeira. 2. Salientar os prexuizos e confrontalos. 3. Comprender o valor que hai detrás do que se goza.
Materiais	Folios con palabras relacionadas co campo financeiro, periódico.
Duración	1 sesión
Desenvolvem ento	Técnica de grupo sociométrica, na que a mocidade se poderá mover por un mapa na sala formado por diferentes palabras do sector financeiro, a partir de distintas instrucións de condución. Deste modo, salientaranse dúbidas e preguntas, que servirán para xerar un coñecemento financeiro.

Preparación loxística:

Deséñase unha lista de palabras do ámbito financeiro que sexa relevante para o grupo co que se traballa. Recórtanse folios de papel A4 en tiras lonxitudinais, e escíbese en cada tira unha destas palabras, de forma clara e grande. Exemplos de palabras: Imposto - Amortización - Crédito - Acredor - Ingreso neto - Ingreso bruto

Inicio:

Para comezar, pódese empregar unha noticia do apartado de economía dun xornal. Ler en voz alta e pedir ao grupo que explique que quere dicir esa noticia. Pódese facer de forma máis lúdica formando subgrupos e dando dous minutos despois de ler a noticia para que cada subgrupo poida pensar como traducila. Obxectivo: traducila para que alguén que non saiba nada do tema poida entendela.

Desenvolvemento:

Esparexer as diferentes palabras polo chan. A técnica pódese levar a cabo de diferentes formas ou alternalas.

Forma 1: Asociar definicións

- Ler unha definición e as mozas deben situarse por riba da palabra que consideran que corresponde a esa definición. Logo, acláranse as dúbidas e, o que é máis importante, ofrécense exemplos do seu día a día.

Forma 2: Comprobar coñecemento/descoñecemento

- Premisa «sitúate sobre a palabra que menos coñezas»: ofrécese información desa palabra.
- Premisa «sitúate sobre a palabra que máis coñezas»: explícanas e fanse correccións, de ser necesario.

Forma 3: Emoción detrás do diñeiro

- Que palabra escoitaches máis veces?
- Que palabra é negativa? Esta segunda permite ver demonizacións dalgúns conceptos. Explicar que as palabras non son negativas, senón que todas se deben coñecer, e o que é negativo é non coñecelas.
- Outras premisas que relacionen estados emocionais coas palabras.

Peché:

	Finalizar con cada mozo expoñendo os cambios do antes e o despois: «unha idea coa que cheguei, unha idea coa que me vou tras esta sesión».
Reflexión	Despois da técnica de movemento e coñecemento das distintas palabras, ábrese o espazo de reflexión: - Cales son as consecuencias de coñecer ou non coñecer estas palabras? - Se non sabemos algo, pódeno usar na nosa contra? Temos algunha - crenza que se nos repiten moitas veces ou que vemos/escoitamos moito?

V. Recomendacións finais xerais

A continuación, presentamos unha serie de suxestións para adaptar as experiencias de traballo que se inclúen neste manual, orientadas a fomentar a participación da mocidade na construción da paz, co fin de reforzar o seu potencial transformador.

1. Adaptación ao contexto local

- **Conectar o próximo e o global:** facilitar a identificación da expresión das diferentes formas de inxustiza social ou violencia (directa, cultural e estrutural) que acontecen no territorio de intervención, conectadas co eixe temático vinculado á construción da paz, así como a súa conexión coas súas manifestacións noutros lugares do mundo. Desta forma, podemos abordar problemáticas transfronteirizas, como a precariedade laboral xuvenil, o racismo estrutural, a violencia machista, a violencia nas redes sociais e os discursos de odio, destacando factores en común e diferenzas, sen deixar de salientar o fenómeno da interseccionalidade.
- **Escoitando desde o principio:** a mocidade debe participar no deseño dos procesos educativos nos que participa, non só beneficiarse deles. Deste xeito, a concreción das subtemáticas que se tratan na intervención e as actividades ou metodoloxías que lles dean forma, conectarán mellor cos seus intereses, serán máis relevantes e as aprendizaxes resultarán máis significativas. No proceso de diagnóstico anterior ao deseño destes manuais, revelouse que «sentirse escoitada e poder debater» foi unha das súas principais demandas. Ademais de poder presentar círculos de palabra exploratorios de intereses, como os que se propoñen desde as prácticas educativas restaurativas, para ter algunhas pistas

iniciais sobre que cuestións parecen interesar máis á mocidade no contexto español en relación con cada un dos eixes que constitúen a Cultura de Paz que abordarán estes manuais, pódense consultar estas referencias:

- Informe de diagnóstico «SI Á PAZ»:
https://www.mpdL.org/sialapaz/06_Informe%20de%20diagn%C3%B3stico%20final.pdf
- «Informe Juventud en España 2024: entre la emergencia y la resiliencia» («Informe Mocidade en España 2024: entre a emerxencia e a resiliencia, Ministerio de Mocidade e Infancia de España», INJUVE)
- **Usar unha linguaxe accesible e culturalmente pertinente:** evitar tecnicismos nas nosas formulacións e usar códigos xuvenís (música, redes, deportes, arte urbana).
- **Valorar a diversidade interna dos grupos:** recoñecer as orixes culturais, traxectorias migratorias e identidades de xénero diversas, garantindo que se escoiten todas as voces. Ter unha mirada interseccional para así analizar como se cruzan o xénero, a clase, a etnia, a idade ou outros factores na xeración de desigualdades.

2. Condicións para un espazo seguro

- **Construír acordos de convivencia coa mocidade:** respecto, confidencialidade e escoita activa. Para formular os Círculos de Diálogo, como os que propoñen as prácticas educativas restaurativas, súxírense os seguintes acordos básicos: só fala a persoa que ten o obxecto que identifica a quenda de palabra, mentres que o resto ten o poder de escoitar; é voluntario falar; todos os membros coidan o círculo.
- **Incluír protocolos de apoio mutuo ou coidados en caso de aparición de malestares:** algúns temas (violencia, racismo, pobreza) poden activar experiencias persoais.
- **Recoñecer a mocidade como protagonista:** transmitirles aos alumnos e ás alumnas que non os vemos como seres carentes ou receptores pasivos de contidos implica evitar a comunicación unidireccional profesor/a - alumnado, estimular a participación de toda a aula, evitar miradas adultocéntricas soberbias e, así, practicar a curiosidade xenuína polo que os mozos e as mozas coñecen ou se preguntan, así como transmitir que o coñecemento que se crea na aula se constrúe de maneira colectiva. Desta forma, non se asume que o profesorado é o único posuidor do saber e da verdade e que o alumnado é un vaso baleiro que as persoas adultas deben encher.
- **Fomentar un espazo valente:** seguindo a experiencia que se recolleu en Palestina e se presenta no *Manual Igualdade de Xénero*, trátase de ir máis alá da creación dun *espazo seguro* para poder tratar temas incómodos e xerar discursos alternativos que se afasten da inercia dominante que exalta a violencia. Para atopar inspiración ao presentar estas conversas entre persoas e grupos en contextos polarizados ou tensos que busquen facilitar que se atope unha

estratexia común para lograr transformacións que garantan a convivencia a longo prazo, podemos tomar a referencia dos *Diálogos improbables* de John Paul Lederach ou *Discrepancia bienvenida: guía pedagógica para el diálogo controvertido en el aula* («Benvida discrepancia: guía pedagóxica para o diálogo polémico na aula»), da Escola de Cultura de Pau.

3. Metodoloxías suxeridas

- **Arte e cultura:** teatro do oprimido, muralismo, música, fotografía ou circo social como ferramentas creativas que favorecen a mobilización emocional e a reflexión crítica persoal e colectiva ao experimentar situacións reais ou análogas á realidade que resulten motivadoras e conmovedoras.
- **Deportes e xogo:** fomentan a cooperación, o respecto e a prevención de violencias.
- **Diálogos e foros comunitarios:** reforzan a cohesión social, sobre todo en espazos interxeracionais e interculturais. Para o deseño destes diálogos, suxerimos recorrer a referentes das prácticas educativas restaurativas como Belinda Hopkins e o seu Tempo do Círculo ou Círculo de Palabra.
- **Tecnoloxías dixitais:** ofrecen unha oportunidade para deseñar campañas xuvenís nas redes sociais arredor da temática de interese que sexa, baseadas na non-violencia. Como recurso inspirador para presentar este traballo, propoñemos o programa «Digital Organising», que desenvolveu NOVACT, unha formación en liña para deseñar campañas con impacto que promovan unha Cultura de Paz global mediante o uso das NTIC: <https://novact.org/es/formacio/>.

4. Factores clave de sustentabilidade

- **Procesos continuos:** evitar actividades puntuais illadas e apostar por procesos educativos baseados nun itinerario planificado de media-longa duración que permita o traballo mediante proxectos e transversalicen contidos comúns entre diferentes materias.
- **Grupos motores xuvenís:** estimular a motivación e as habilidades da mocidade para que se sintan atraídos e capaces de intervir na súa comunidade e sensibilizar ou promover a mobilización social noutras partes, xerando procesos expansivos.
- **Traballo en rede:** coordinarse con asociacións de barrio, centros educativos, servizos sociais e colectivos xuvenís para vincular as aprendizaxes con oportunidades reais de participación.
- **Responsabilidade conxunta interxeracional:** involucrar a educadores, familias e persoal dos centros xuvenís como referentes estables.
- **Implicación das autoridades locais:** clave para garantir a sustentabilidade ao longo do tempo e os seus recursos económicos.

- **Avaliación participativa:** integrar momentos nos que a mocidade avalíe o que aprendeu e suxira melloras, fortalecendo o seu papel como participante na creación dos procesos.

En definitiva, estas recomendacións non son unha receita única, senón un conxunto de orientacións abertas, que cada grupo e cada educadora ou educador poderá adaptar á súa propia realidade. O fundamental é manter a convicción de que a mocidade ten un rol protagonista na construción da paz e a xustiza ambiental, e que a nosa tarefa educativa consiste en acompañar, facilitar e potenciar as súas capacidades. Desde esta perspectiva, cada experiencia pode converterse nunha semente de cambio, nunha oportunidade de aprendizaxe compartida e nun paso firme cara a un futuro máis xusto, sostible e en paz.

VI. Glosario

1. **Aporofobia:** é un neoloxismo que acuñou a filósofa Adela Cortina en 1995 para referirse ao «*rexeitamento, aversión, medo e desprezo polas persoas pobres*» (citouse no Concello de Barcelona).
2. **Capitalismo:** un sistema socioeconómico e político no que a propiedade, os negocios e a industria, os medios de produción e distribución, están controlados por propietarios privados en lugar do Estado, coa finalidade de obter beneficios económicos (inspirado na definición que achega o Dicionario de Cambridge). Caracterízase por potenciar a libre competencia no mercado e a determinación de prezos mediante as leis da oferta e a demanda, ao tempo que foxe do intervencionismo estatal. Aspira a un crecemento infinito, sendo a súa principal motivación a acumulación de capital. Centrarse no beneficio das persoas que posúen o capital provoca unha acumulación de riqueza en poucas mans, afondando as desigualdades entre as persoas que concentran este capital e as que só poden participar no xogo vendendo a súa capacidade de traballo. Ademais, intensifica a depredación dos recursos naturais.
3. **Xustiza fiscal e impostos:** «por xustiza fiscal, entendemos unha recadación de impostos progresiva e equitativa ao Estado Social do Benestar a través da contribución de todas as persoas e institucións segundo a súa capacidade económica, e unha recadación suficiente para asegurar os dereitos básicos das persoas e garantir que todas reciban de forma adecuada as prestacións públicas que socialmente se consideran necesarias. Os nosos impostos son a garantía dos nosos dereitos, e se o modelo de sociedade que temos, e que figura na Constitución, garante dereitos básicos como a vivenda, o emprego e a sanidade, debemos construír un sistema fiscal que os faga posibles» (Red ONGD de Madrid, «Rede ONGD de Madrid»).

4. **Xustiza social:** «principio fundamental que busca garantir a igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas, independentemente da súa orixe, xénero, condición socioeconómica, raza ou crenzas. O seu obxectivo é garantir que cada persoa poida desenvolver o seu máximo potencial e lograr unha vida digna, reducindo as desigualdades e eliminando as barreiras que dificultan o acceso aos dereitos fundamentais» (Amnistía Internacional).
5. **Liberalismo económico ou neoliberalismo:** «teoría económica que defende o libre mercado e limitar o papel do Estado como clave para o avance tecnolóxico e a prosperidade económica. (...) Os neoliberais avogan pola privatización dos servizos públicos, como a sanidade e a educación, e por minimizar os impostos, xa que entenden que ao Estado non lle corresponde prestar servizos públicos. O resultado é un Estado do benestar reducido onde se prioriza o individuo sobre a comunidade. Argumentan que se existe unha fenda de ingresos entre os individuos, é a recompensa para os que, coa súa liberdade, acadaron mellores resultados» (El Nuevo Orden Mundial, «A Nova Orde Mundial»).
6. **Meritocracia:** a Real Academia Española defínea como un «sistema de goberno no que os postos de responsabilidade se adxudican en función dos méritos persoais». É unha idea que pertence ao neoliberalismo. Con todo, se temos en conta que a igualdade de oportunidades non existe na actualidade, non se pode defender que calquera persoa pode chegar a unha boa posición social ou económica por méritos propios e con esforzo. Do mesmo modo, non se pode culpar ás persoas pola súa situación económica desfavorecida afirmando que non se esforzan o suficiente.
7. **Pobreza:** «condición humana que se caracteriza pola privación continua ou crónica dos recursos, capacidades, opcións, seguridade e poder necesarios para gozar dun nivel de vida adecuado e outros dereitos civís, culturais, económicos, políticos e sociais» (Comité de Derechos Económicos, Sociales y Culturales, «Comité de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais»).
8. **Precariedade:** «situación que viven as persoas traballadoras que sofren unhas condicións laborais que están por debaixo do nivel que se considera normal, sobre todo cando os ingresos económicos que reciben do traballo non cobren as necesidades básicas» (Diccionario panhispánico del español jurídico, «Diccionario panhispánico do español xurídico»). Máis alá do laboral, en situación de emprego ou desemprego, a precariedade é un estado de inseguridade, inestabilidade e vulnerabilidade que se traduce na falta de recursos para levar unha vida digna e segura, na incerteza con respecto á situación futura e no impacto na saúde mental que comporta. A falta de acceso a unha vivenda digna ou estable, a incapacidade para planificar a longo prazo debido á inestabilidade

económica, a ausencia ou insuficiencia de medidas de protección ou apoio ante crises imprevistas ou as dificultades da mocidade para emanciparse e comezar un proxecto de vida razoablemente estable son manifestacións desta precariedade.

9. Risco de exclusión social: taxa de pobreza e exclusión social (indicador AROPE).

«O indicador AROPE mide a proporción de persoas en risco de pobreza, que se entende desde o punto de vista de tres dimensións: a dimensión monetaria, a dimensión material e a dimensión laboral». O AROPE reflicte o número de persoas que viven en fogares que cumpren polo menos unha destas tres condicións:

1. Risco de pobreza: refírese ás persoas que viven en fogares cunha renda dispoñible (despois de impostos e transferencias) inferior ao 60 % da media nacional (valor central; un 50 % da poboación ten un ingreso maior e un 50 % ten un ingreso menor).
2. Privación material e social grave: ten en conta ás persoas que non poden permitirse polo menos 7 dunha lista de 13 artigos básicos, que inclúen manter a vivenda adecuadamente quente ou facer fronte a gastos inesperados, e tamén participar regularmente en actividades de lecer ou reunirse con amigos/familiares.
3. Baixa intensidade de emprego: este subindicador refírese ás persoas menores de 65 anos que viven en fogares onde os adultos traballaron, de media, menos do 20 % do seu potencial total de tempo de traballo durante o ano anterior.

